

5 GUÍA INSCRIPCIÓN CANDIDATURAS EDICIÓN

PROMOTORES

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. COMO FUNCIONA BFA	4
3. FUNCIONAMIENTO DA PLATAFORMA WEB	5
4. COMO PRESENTAR UNHA CANDIDATURA	7
4.1. REXISTRO DA CANDIDATURA	7
4.2. INSCRIPCIÓN DE CANDIDATURAS	8
5. FASE DE SELECCIÓN	13
5.1. PROCESO DE SELECCIÓN	13
5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	14

1. INTRODUCCIÓN

BFA é unha iniciativa promovida pola **Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, o **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)** e a **Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado (Xesgalicia)**; o **Consortio da Zona Franca de Vigo (CZJV)** e **Vigo Activo Sociedad de Capital Riesgo, SA SME (VIGO ACTIVO)**, a **Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)** e o **Groupe PSA**.

O seu obxectivo é a **aceleración e consolidación** de proxectos especializados en automoción e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento; contribuíndo así a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

A iniciativa consta de catro fases principais, tal e como se mostra na seguinte imaxe:



Esta guía ten como obxectivo explicar o funcionamento xeral de BFA e facilitar o rexistro dos participantes na web, así como, a presentación de candidaturas no programa BFA. É por iso, que se expoñen neste documento, unha serie de indicacións claras e concisas que facilitan a execución de ambos procedementos.

A guía tamén inclúe unha descrición do sistema de avaliación e selección de candidaturas que vai ser seguido durante a *fase de selección*.

2. COMO FUNCIONA BFA

Cada Edición de Business Factory Auto comenzará co inicio da **fase de convocatoria**, é dicir, coa apertura do prazo de inscrición na web www.bfauto.es. A inscrición estará aberta durante aproximadamente dous meses, aínda que os prazos poden variar (as datas concretas de cada edición serán publicadas na web).

A fase de convocatoria contemplará a captación de proxectos para a súa participación nas fases de aceleración e consolidación. Un proxecto que participase na fase aceleración dunha edición precedente terá que presentar de novo a súa candidatura se desexa participar na fase de consolidación.


O peche do prazo de inscrición dará comezo á **fase de selección**, na que se avaliarán todas as candidaturas recibidas.

Aquelas candidaturas que resulten seleccionadas e acepten a invitación de participación no programa de **aceleración** poderán obter un financiamento de ata 125.000 € e poderanse instalar no espazo *coworking* das instalacións de BFA durante os nove meses que dura esta fase. Durante estes nove meses recibirán formación, contarán co apoio de especialistas no sector automoción e terán a oportunidade de asistir a tech-meetings e contactar con empresas do sector.

Seleccionaranse ademais ata dez candidaturas a participar na fase de **consolidación**, empresas que lograsen establecer un modelo de negocio no mercado, pero que requiran de tempo no que definir a estrutura necesaria para consolidalo e os recursos adicionais. Estes proxectos poderán acollerse a un financiamento de ata 250.000 € por participar na fase de consolidación. O importe deste financiamento estará condicionado a que os socios/outros financiadores acheguen, polo menos, o mesmo financiamento ao proxecto. Este programa ofrecerá aos participantes formación adaptada ás súas necesidades, un espazo de traballo individual, acceso á rede de mentores e poderán participar nos eventos e xornadas organizados para a xeración de networking entre os participantes e destes co sector.

3. FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA WEB

Para acceder á plataforma terá que ir á páxina web www.bfauto.es e no apartado **Login/Rexistro** introducir o seu nome de usuario e o seu contrasinal:



OPCIÓNS DO MENÚ

Unha vez accedan a súa conta, dispoñen de diferentes funcionalidades no panel de control lateral. Picando na parte superior do panel, sobre a imaxe do usuario, accedemos ao perfil do usuario participante onde poderemos modificar os datos do participante. O usuario participante como veremos máis adiante pode ter a súa vez dos roles diferentes: propietario ou membro invitado. Este panel lateral, situado na parte esquerda, mostra as distintas seccións coas que traballará o participante:



Inicio

Espazo no que o usuario pode visualizar de maneira sinxela o proxecto ou proxectos creados.

Proxectos

Apartado no que o usuario membro do proxecto (propietario ou membro invitado) pode ver de forma máis detallada o proxecto ou os proxectos creados. Nesta sección poderá visualizar en que estado se atopa o proxecto, o cal pasará polos seguintes estados:

- **Novo:** o usuario acaba de crear un proxecto, aínda non cubriu o formulario e non validou ou confirmou a inscrición do proxecto. Neste estado o proxecto **non entrará na fase de selección, por tanto descartarase.**
- **Borrador:** o usuario empezou a cubrir o formulario de inscrición ou o finalizou pero non o validou ou confirmou. Neste estado o proxecto non entrará na fase de selección, por tanto descartarase.
- **Inscrito:** o usuario validou ou confirmou o formulario de inscrición. Unha vez validado o formulario non se poderán facer modificacións e pasará a ser avaliado na fase de selección..

Crear proxecto

Apartado destinado á creación de novos proxectos e onde o participante/administrador debe cubrir o cuestionario de inscrición. (O usuario pode gardar o formulario sen necesidade de confirmar todas as respostas).

4. COMO PRESENTAR UNHA CANDIDATURA

A presentación de candidaturas a BFA realizarase exclusivamente a través da web (www.bfauto.es) durante os prazos habilitados para a recepción das mesmas. Detállase a continuación o proceso a seguir para o correcto rexistro de usuarios e inscrición de candidaturas.

4.1. REXISTRO DA CANDIDATURA

O usuario a través do cal se inscribe o proxecto terá a consideración de *administrador* do proxecto (a efectos de xestión do proxecto na plataforma).

O *administrador* terá que realizar as seguintes tarefas: creación do proxecto, incorporación dos membros do equipo e cumprimentación do formulario de inscrición.

A miña conta

Para realizar o rexistro, o *usuario-propietario* debe dirixirse ao apartado “*REXISTRO/LOGIN*” que aparece no menú superior da web www.bfauto.es e crear unha conta persoal completando os datos que se lle solicitan. A continuación, o usuario recibirá un correo electrónico cun *link* ao que deberá acceder para verificar a súa conta e completar o rexistro. A partir dese momento, o *administrador* poderá acceder a súa conta persoal a través da web do BFA introducindo os seus datos de acceso. Débese ter en conta que este correo pode ser recibido no cartafol de *Spam*.


Recuperar contrasinal

No mesmo apartado de “*REXISTRO/LOGIN*”, está disponible un botón “*Solicitar un novo contrasinal*” que permite ao usuario restablecer o seu contrasinal en caso de perda ou esquecemento. O usuario-propietario debe introducir o seu nome de usuario ou correo electrónico e automaticamente recibirá un correo cun *link*, a través do cal poderá restablecer o seu contrasinal.

4.2. INSCRIPCIÓN DE CANDIDATURAS

Crear un proxecto

O administrador, desde a súa conta persoal, debe acceder ao apartado “*Crear proxecto*” e completar a información básica do proxecto que se lle solicita: nome do proxecto, descrición, correo electrónico, etc. Como se indicou, o usuario que “crea o proxecto” será o *administrador*.



Unha vez se garda a información referida ao proxecto, este queda rexistrado. A partir dese momento o *administrador* poderá incorporar membros ao equipo e cumprimentar un formulario asociado ao mesmo para completar a inscrición.

Incorporar membros ao equipo

Todo aquel que forme parte do equipo xestor do proxecto debe estar rexistrado na web, www.bfauto.es.



Unha vez creado o proxecto, o *administrador* ten que facer click sobre o proxecto e na parte superior dereita da pantalla aparecerá unha pestana denominada “*Convidar membro*”, facer click nela e cubrir os campos de email, implicación (a tempo parcial ou completo) e rol (xerente, responsable técnico, responsable comercial, administración ou outro); automaticamente se reenviará un email de validación de conta ao membro convidado, este fará click sobre o link e introducirá un nome de usuario e contrasinal.

Na seguinte imaxe mostrase o apartado no cal o propietario debe introducir os datos para enviar una invitación a novos membros:

Una vez enviada a invitación a un novo membro mentres este non acepte dita invitación, o seu estado permanecerá como *“Pendente de aceptar invitación”* e polo tanto non se contabilizará como membro do proxecto:

Acceptada a invitación, baixo o nome do membro invitado aparecerá o cargo que opstenta dentro do proxecto:

O propietario e os outros membros do equipo poderán ver toda a información sobre todos os membros rexistrados que compoñen o equipo do proxecto facendo click na pestana de “Listado de membros”:


Miembros del proyecto + Invitar miembro				
	Nombre	Rol	Implicación	CV
	Participante	Propietario	A tiempo completo (100%)	
	Invitado	Responsable Técnico	A tiempo completo (100%)	 

Unha vez convidados todos os membros do equipo xestor, a aplicación envorcaraoas automaticamente no formulario de inscrición onde o administrador terá que cumprimentar o resto de información que se solicita. Ao aceptar a invitación todos os membros do proxecto terán acceso a súa área persoal e á información dos proxectos dos que formen parte.

Cumprimentar o formulario de inscrición

Como último paso para completar a candidatura, o *administrador* debe cumprimentar o formulario de inscrición. Para iso debe dirixirse ao apartado “Formulario de inscrición” do panel de control lateral e completar a información solicitada.

→ O proxecto foi creado. Agora debes completar o formulario de inscrición para incorporalo a BFA.



The screenshot shows a project management interface. On the left, under "Datos do proxecto", there are fields for Name (Proxecto exemplo), Teléfono, Email (participante@participante.com), Idioma, Descripción, and Resumen. On the right, under "Membros do proxecto", there is a list of members: Participante (Propietario) and invitado@invitado.com (Responsable técnico), with a "Lista de membros" button below. At the bottom, the "Inscrición del proxecto" section shows a progress bar with three stages: Novo (active), Bosquexo, and Inscrito. Below the progress bar, it says "Cubre agora o formulario para completar a inscrición do teu proxecto." and has a green "Inscribir proxecto" button.

O formulario de inscrición consta dun total de 15 preguntas para o programa de aceleración e 16 preguntas para o programa de consolidación. As preguntas clasifícanse e avalíanse por bloques:

- **Xeral.** Neste apartado é necesario completar datos básicos do proxecto como nome do proxecto, persoa de contacto, teléfono de contacto, email, tipo de proxecto (startup, one company spin-out, several companies spin-out ou spin-off) e unha breve descrición do proxecto.
- **Introdución.** Neste apartado é necesario completar datos da sociedade ou empresa (se está constituída ou non), data de constitución e localización. Ademais, pódese incluír un vídeo dunha duración máxima de 3 minutos no que o promotor e/ou equipo explique o seu proxecto (sen engadir imaxes ou postproducción). Hoxe en día podes gravar un vídeo con case todos os terminais móbiles.
- **Equipo.** Neste apartado é necesario especificar quen son os promotores do proxecto, cal é a súa experiencia na área de aplicación do proxecto, así como os seus logros profesionais e grao de implicación no proxecto no caso de resultar seleccionados. Se breve e conciso, evita respostas xenéricas, queremos saber se o equipo que está detrás do proxecto adecúase ao mesmo.

Cabe lembrar que, no caso dunha startup, cando falamos de promotores e do equipo xestor serán os mesmos, os accionistas. Se se trata dun spin-out ou spin-off o promotor será a empresa ou o centro de coñecemento e o equipo xestor será o persoal que se dedique a tempo completo ao proxecto e ás actividades contempladas en BFA. O equipo xestor estará constituído, **como mínimo, por 2 persoas** dedicadas ao 100% ó proxecto. No caso de proxectos procedentes de spin-out e/ou spin-off poden incluír persoas con dedicación parcial sempre que a suma de todas as dedicacións sexa o equivalente de polo menos dúas persoas ao 100% cada una. Para proxectos startup que se inscriban na fase de aceleración e que nese momento do rexistro soo conten con unha persoa/promotor (o propietario) terán a opción de poder rexistrar o proxecto cunha soa persoa se esta se compromete á contratación dunha persoa con unha dedicación a tempo completo antes do inicio da fase de aceleración.

- **Proxecto.** Neste apartado o participante debe realizar unha descrición da excelencia da proposta en termos de:
 - **Grao de innovación,** entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como a capacidade dos atributos diferenciadores que incorpora a proposta de valor para ser gañadores.
 - **Grao de acelerabilidade** ou tempo necesario para desenvolver un PMV e mesmo para que o proxecto estea en funcionamento e facturando.
 - **Grao de escalabilidade** ou potencial de crecemento e de xeración de economías de escala. Indicar se o proxecto está a facturar, en caso afirmativo, canto facturou no último ano, se ten necesidade de financiamento ou xa a recibiu.
 - **Capacidade para consolidarse** no mercado e xerar ingresos recorrentes. Indicar como está posicionado o proxecto e cal é a estratexia de mercado.
 - **Impacto socioeconómico:** iniciativa viable que contribúa á dinamización do tecido empresarial.
 - **Temáticas de especial interese:** neste apartado é necesario especificar se o proxecto cobre algunha das necesidades do sector expostas no Anexo IV das bases reguladoras da iniciativa. **Pódense marcar unha ou máis opcións** segundo as temáticas que poida cubrir ou resolver o proxecto.
- **Outros.** Neste último apartado, o participante pode achegar documentación referida ao produto, unha presentación da empresa e cartas de recomendación. Todos os arquivos deben estar en formato pdf e ningún deles poderá superar os 30 MB.

O participante tamén dispón dun último punto no que pode engadir os comentarios que considere oportunos.

Validación formulario

O *administrador* vai ter en todo momento a opción de gardar un borrador do formulario de inscrición. Soamente cando completase todas as preguntas obrigatorias poderá “Validar inscrición do proxecto”.

3

Equipo Xestor

Nome	Apelidos	% Accionariado	Email	Teléfono
Participante		%	participante@participante.com	
Rol en Proxecto	Dedicación	Adjuntar CV		
Responsable Té.	A tempo cor	<input type="text"/> <input type="button" value="Seleccionar archivo"/>		

Unha vez “validada a inscrición do proxecto” ábrese unha nova pantalla de confirmación: “Validar inscrición”.

Gallego •

Validar inscrición

Inicio / Proxectos / Proxecto exemplo / Validar inscrición

Validar inscrición

¡IMPORTANTE! Unha vez validada a inscrición non poderás editar os datos nin os membros de un proxecto. Revisa os datos introducidos antes de continuar.

Xeral

Nome do proxecto: Persoana de contacto Teléfono de contacto Email de contacto participante56@opmail.com	Fase á que opta Indica a natureza do proxecto Describe brevemente de qué trata o proxecto
--	--

Introdución

Equipo

Indica las competencias, conocimientos y experiencia de cada miembro del equipo gestor en el sector automoción o área de aplicación del proyecto.	Indica la formación y experiencia de los miembros del equipo gestor en las necesidades del proyecto.
---	--

Proxecto

Ao facer click en “validar inscrición” dáse por completada a candidatura e a partir dese momento non se poderán realizar modificacións nos membros do equipo nin no formulario.

5. FASE DE SELECCIÓN

Durante o proceso de selección serán avaliadas todas as candidaturas recibidas mentres estea vixente o prazo de inscrición. O obxectivo é seleccionar ata 10 candidaturas para a súa participación na fase de aceleración e ata 10 candidaturas para a súa participación na fase de consolidación.

5.1. PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección consta de diferentes etapas e ten unha duración de ata 2 meses:

Avaliación do cumprimento do proceso de inscrición

Todas as candidaturas recibidas serán avaliadas inicialmente co fin de seleccionar aquelas que cumpran cos criterios publicados nas bases da convocatoria, sendo estes:

- Que as candidaturas fosen presentadas a través da web de BFA e que estean cumprimentadas segundo as indicacións antes da data e hora de peche indicadas na convocatoria correspondente.
- Que todas as propostas cumpran cos criterios de elegibilidade establecidos nas bases do programa da convocatoria.
- Non estar afectada por incompatibilidades.

Avaliación por expertos independentes e comité executivo

As candidaturas admisibles pasarán a ser avaliadas tanto por expertos independentes como polo Comité Executivo do BFA. A avaliación realizarase seguindo os criterios detallados no apartado *Criterios de Avaliación* desta guía.

Tras a avaliación dos expertos independentes e os membros do Comité seleccionaranse os proxectos que finalmente participarán na seguinte etapa, a entrevista persoal.

Realización das entrevistas

Os proxectos preseleccionados serán convocados á realización dunha entrevista ante membros do Comité Executivo. As entrevistas terán un carácter explicativo (modo presentación por parte do proxecto) e un carácter resolutivo (rolda de rogos e preguntas por parte do Comité Executivo).

O obxectivo da entrevista non é outro que o de coñecer á entidade promotora do proxecto e profundar na información facilitada no formulario, así como avaliar o potencial do equipo e a súa adecuación ao proxecto.

Selección Final

Tras a celebración da entrevista seleccionaranse ata 10 proxectos aos que se lles convidará a participar na fase de aceleración. Seleccionaranse ademais ata outros 10 proxectos aos que se lles convidará a participar na fase de consolidación.

Aceptación da participación na fase de aceleración e consolidación

Ata 20 proxectos serán seleccionados a participar no programa BFA, os cales:

Recibirán unha invitación formal a incorporarse á fase de aceleración ou consolidación. O equipo promotor dispoñerá dun prazo de 15 días naturais para aceptar formalmente esta proposta. E de aproximadamente

un mes para presentar a documentación requirida polo Equipo de Xestión do BFA en materia de constitución de sociedades, firma do protocolo de participación, etc.

No caso de ter una sociedade constituída con una antigüidade superior a existida nas bases do programa, o promotor do proxecto invitado a participar na fase de aceleración acepta constituir una nova sociedade (spin-out) antes do 14 de decembro de 2020. Para proxectos startup que so estén compostos por unha persoa esixiráselle a incorporación dun membro máis ao proxecto mediante a contratación do mesmo antes de dar comezo a fase de aceleración.

Se o proxecto e invitado a participar na fase de consolidación, o promotor acepta constituir una nova sociedade (spin-out) antes do 9 de decembro de 2020. Se non se cumpre con este requisito, o proxecto non poderá participar no programa Business Factory Auto.

- Poderán acollerse a financiamento mediante unha combinación das modalidades detalladas no apartado *Condicións de financiamento* das bases do programa.

5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que serán empregados na avaliación divídense en dous aspectos fundamentais, equipo e proxecto. Detállase a continuación cada un deles:

Criterios de avaliación do equipo

A ponderación deste apartado será do 60% no caso do programa de aceleración e do 40% no programa de consolidación.

Avaliarase a traxectoria e adecuación do equipo ao proxecto presentado. En concreto, valorarase:

- Competencias, coñecemento e experiencia no sector automoción ou área de aplicación do proxecto.
- Adecuación e complementariedade da formación e experiencia do equipo ás necesidades do proxecto.
- Compromiso, motivación e dedicación do equipo emprendedor.
- Risco asumido pola entidade promotora/equipo promotor.

Criterios de avaliación do proxecto

A ponderación deste apartado será do 40% no caso do programa de aceleración e do 60% no programa de consolidación.

Avaliarase a excelencia da proposta en termos de innovación, acelerabilidade e/ou capacidade de consolidación, escalabilidade e impacto socioeconómico. En concreto, valorarase:

- Grao de innovación, entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como a capacidade dos atributos diferenciadores que incorpora a proposta de valor para ser gañadores.
- Grao de acelerabilidade ou capacidade para desenvolver un produto mínimo viable (PMV) no transcurso do programa e executar o proxecto.
- Grao de escalabilidade ou potencial de crecemento e de xeración de economías de escala.
- Capacidade para consolidarse no mercado e xerar ingresos recorrentes.
- Impacto socioeconómico: iniciativa viable que contribúa á dinamización do tecido empresarial.
- Temáticas de especial interese cubertas polo proxecto na procura de novas oportunidades de innovación.



XUNTA
DE GALICIA



CONSORCIO
ZONA FRANCA
VIGO



GRUPE



CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA



AXENCIA DE
INNOVACION



SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO